

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Consuelo Martínez García, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpalación**.

O SERGAS debeu paralizar os traslados de pacientes ao novo hospital Álvaro Cunqueiro ao dar positivo algún dos controis microbiolóxicos. Os servizos que ían trasladarse eran os quirófanos, a UCI, a área materna infantil e a cirurxía pediátrica, ademais da unificación de Urgencias.

O xerente da área sanitaria, **Félix Rubial**, informou aos traballadores de que sería unha "**imprudencia**" proseguir co traslado sen dispor do "100% dos resultados" dos controis previos sobre a **calidade do aire** nas áreas críticas.

Un novo hospital privatizado, contaminado, con goteiras, con ratos, caro, sen laboratorio,...

E mentres tanto, a Área Sanitaria de Vigo está a padecer unha precariedade asistencial sen precedentes: falta de profesionais, aumento das listas de espera cirúrxicas, de consultas especializadas, de probas radiolóxicas, de Atención Primaria.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula a seguinte **interpelación**:

1. Dotará a Xunta ao Hospital Álvaro Cunqueiro con todos servizos hospitalarios e os medios técnicos e humanos que garantan unha atención de calidade ás persoas usuarias?
2. Reforzará o SERGAS os cadros de persoal para garantir o traslado seguro de todas as persoas ingresadas nos actuais centros hospitalarios

públicos de Vigo que se están a baleirar de pacientes?

3. Demandará a Xunta á empresa concesionaria da obra por todas as deficiencias detectadas no H. Álvaro Cunqueiro?

Pazo do Parlamento, a 08 de setembro de 2015

Asdo.: Consuelo Martínez García

Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 08/09/2015 14:25:30

